



ORDE DO DÍA:

1º.- Aprobación, si procede, do borrador da acta da sesión anterior nº.: 08/2009, distribuída coa convocatoria.

2º.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CONTRA DA SUBIDA DE IMPOSTOS PREVISTA POLO GOBERNO DO ESTADO

3º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DO BNG RELATIVA AOS CRITERIOS A TER EN CONTA PARA A DISTRIBUCIÓN DO NOVO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL PARA O ANO 2010

4º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DO BNG RELATIVA A MEDIDAS PARA MELLORAR O FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS

5.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

6.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

7º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO

7.1.- DECRETOS E INFORME DA ALCALDÍA

7.2.- ROGOS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS

7.3.- PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADAS

7.4.- MOCIÓNS REGULAMENTARIAMENTE PRESENTADAS, SE PROCEDESE.

**BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
CONCELLO PLENO O DIA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS
MIL NOVE (16.10.2009)**

PLENO NUMERO 09/2009

No Salón de sesións do Ilmo. Concello de Bóveda, cando son as doce horas e cinco minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil nove, reúnese en sesión ordinaria e en primeira convocatoria o Concello Pleno baixo a Presidencia do Alcalde:

1.- D. JOSÉ MANUEL ARIAS LÓPEZ

Concorren a sesión os seguintes Concelleiros:

2.- D. JOSÉ LUIS RIVERA SACO,

3.- D. DIONISIO BLANCO RUBIÑOS

4.- D. FRANCISCO JAVIER DOMINGUEZ LÓPEZ

5.- DNA. CRISTINA JUÍZ LÓPEZ

6.- D. MANUEL LÓPEZ PÉREZ

7.-DNA. MARIA DEL CARMEN MACIA RODRÍGUEZ

8.-DNA. ANA RUTH JUÍZ LUGO

9.-D. JORGE GARCÍA LÓPEZ

Como Secretario D. Luis Eduardo Matias Sánchez que da fe.

Aberta a sesión e declarada pública pola presidencia as doce horas e cinco minutos, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum de asistencia necesario para que poda ser iniciada, procedese a coñecer os seguintes asuntos incluídos previamente no orde do día, sen a asistencia inicial de D. Francisco Javier Dominguez López:

**I.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR Nº
08/2009**

O Presidente pregunta si algún membro da Corporación ten que formular algunha observación o borrador da acta da sesión anterior número 08/2009 distribuída coa convocatoria.

Ningún dos Concelleiros presentes formula alegacións e, a continuación, o Sr. Presidente somete a votación a aprobación do referido borrador da acta, sendo esta aprobada por unanimidade.

II.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CONTRA DA SUBIDA DE IMPUESTOS PREVISTA POLO GOBERNO DO ESTADO

Sometido a votación prodúcese o seguinte resultado:

Votan en contra os tres membros do Grupo Municipal Socialista, a favor os cinco do grupo municipal Popular e abstense o concelleiro do BNG.

O Sr. Alcade declara aprobado por cinco votos a favor tres en contra e unha abstención, o seguinte ACORDO:

O Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2010 aprobado polo Consello de Ministros o 26 de setembro, contén unha serie de medidas que, de non modificarse, aumentarán a crise á que levou á Economía española o Presidente do Goberno, José Luís Rodríguez Zapatero, e suporán o recoñecemento do fracaso das políticas socialistas á hora de pór solucións a unha crise cuxas consecuencias todo o mundo vaticina que van ser peores en España que no resto dos países do noso entorno.

Ao Goberno socialista a única solución que se lle ocorre para paliar a grave situación actual é a de subir os impostos ás clases medias e aos traballadores.

A subida de Impostos castiga o aforro e o consumo

As medidas propostas consisten basicamente en suprimir a dedución de 400 € no I.R.P.F. (promesa estrela coa que Zapatero concorreu ás pasadas Eleccións Xerais), incrementar o IVE. de tipo reducido do 7% ao 8% e dous puntos do 16% ao 18%, e acompañalo de recortes no investimento produtivo (baixan os Ministerios de Fomento e Medio Ambiente) e nas políticas de comercio, turismo e PEMES, así como en I+D+i. Igualmente aumentará o tipo impositivo proveniente dos intereses do capital.

O consumo e o aforro son dúas fontes básicas de progreso e estabilidade que ningún goberno que queira inspirar confianza e seguridade na sociedade, pode castigar deste xeito.

A subida de Impostos recaerá nas clases medias e traballadoras

Os produtos que verán incrementado o seu prezo a modo de exemplo, son: roupa, calzado, electrodomésticos, recibo da luz, factura do teléfono, coches, vivenda, alimentación, hostalería, restaurantes, transporte terrestre... O que pon de manifesto que serán as clases medias e traballadoras as que van soportar as consecuencias desta decisión.

Esta subida fiscal suporá que cada galego desembolsará 487€ de media ao ano para facer fronte a este incremento (estimación realizada polos técnicos do Ministerio de Hacienda-Gestha). É dicir, os mileuristas galegos terán que reservar a metade dun dos seus salarios mensuais para facer fronte á subida de impostos anunciada polo Goberno.

A subida de Impostos ó inxusta, antisocial e provoca máis paro

A subida de Impostos que pretende este Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado é ademais especialmente inxusta porque prexudicará a todos os españois pero especialmente, aos que menos teñen.

Así mesmo é antisocial porque vai en contra dos máis desfavorecidos, xa que nin sequera aumenta o gasto social, que ve reducido en 1,2 puntos a súa participación nos PXE, pasando do 52,8% ao 51,6%. E porque vai producir un aumento do paro e do número de desempregados recoñecido nos propios Orzamentos (a OCDE calcula ao redor de 700.000 parados máis).

En contraposición a estas políticas erróneas do PSOE, o Partido Popular ten demostrado que as reformas fiscais son instrumentos eficaces para a dinamización da economía e a recuperación do crecemento. Menos impostos non significa menos recadación, senón liberación de recursos a disposición das familias e empresas, para que poñan en marcha de novo o motor da economía.

Hai subida de Impostos pero ausencia de austeridade

O Executivo pretende gastar máis diñeiro e obtelo de todos os españois a través do aumento impositivo. No proxecto dos PXE para 2010 non hai nada de austeridade.. o gasto do Estado sobe en case 3.000 millóns máis que o teito de gasto aprobado o pasado mes de xuño e temos o Goberno con máis altos cargos da historia da democracia.

En 2009 os Orzamentos eran de déficit e paro, os de 2010 serán de mais déficit, máis paro e máis impostos. Cando o que fai falta é un esforzo de austeridade, o Goberno pretende volver mentir aos españois coa idea de que o gasto social finánciase aumentando os Impostos. Con esta forma de entender a solidariedade para os demais, o Executivo vai perder unha gran oportunidade de facer uns Orzamentos para afrontar a crise, crear emprego e xerar confianza.

Máis impostos tradúcese en menos diñeiro para os Concellos

Sendo os Concellos o goberno máis próximo aos cidadáns, van ter que facer fronte a unhas circunstancias sociais difíciles (son os primeiros en recibir o descontento social) e ademais van ter que estreitar aínda máis as súas propias previsións, ante a drástica redución da súa recadación motivada tanto pola crise económica, como polo escaso apoio que van recibir do Goberno ante a inminente diminución das transferencias do Estado. Se se manteñen as previsións orzamentarias do Goberno, o financiamento local incondicionado caerá en 2010 un 17,8% o que supón unha perda de 3.081 millóns de E respecto de 2009. Ata tal punto a situación está sendo preocupante que a propia FEMP acaba de aprobar unha moción dirixida ao Goberno en demanda dunha negociación de medidas puntuais para ser incluídas nos PGE de 2010.

Por todo isto, sométese á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno á retirada inmediata da proxectada subida de Impostos nos Orzamentos Xerais do Estado para 2010 por inxusta e antisocial, xa que recaerá sobre todo nas clases medias e nos traballadores.

SEGUNDO.- Reclamar ao Goberno que atenda as peticións da FEMP e acepte as modificacións propostas nos PXE de 2010, entre as que destaca a de manter todas as partidas e conceptos orzamentarios que sempre se destinaron ás Entidades Locais, sen recortes nin supresión algunha.

TERCEIRO.- Dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno, ao Presidente da Xunta e aos Portavoces dos Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galicia.

III.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DO BNG RELATIVA AOS CRITERIOS A TER EN CONTA PARA A DISTRIBUCIÓN DO NOVO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL PARA O ANO 2010

Sometido a votación prodúcese o seguinte resultado:

Votan en contra os tres membros do Grupo Municipal Socialista, a favor os cinco do grupo municipal Popular e o concelleiro do BNG.

O Sr. Alcalde declara aprobado por seis votos a favor e tres en contra, o seguinte ACORDO:

No debate sobre o situación do Estado, o presidente do Góbierno anunciou que os Orzamentos Xerais do Estado para o próximo ano 2010 contemplarán un novo Fondo de Investimento Local dotado de 5.000 millóns de euros, dedicado a investimentos en proxectos de sustentabilidade ambiental, tecnolóxicos e de investimento para centros sociais, especialmente relacionados coa dependencia. O novo decreto sobre este Fondo estaría aprobado en outubro de maneira que os concellos poderán acollerse a este fondo a partir do 1 de xaneiro de 2010.

Preocúpanlle aos concellos galegos cales van ser os criterios a seguir á hora de repartir os recursos do novo Fondo Local, dado o precedente do actual, no que se utilizou a poboación total como única variábel para establecer a asignación orzamentaria a cada concello. Dende o BNG consideramos que o Goberno do Estado debe ter presente outros factores que inflúen na variábel de poboación, como son a dispersión xeográfica, a implantación actual das novas tecnoloxías, ou a poboación maior de 65 anos.

A distribución da poboación no territorio galego caracterízase precisamente pola súa elevada dispersión, con poboacións concentradas en pequenos núcleos poboacionais que complican e fan máis custosos os servizos públicos a ofrecer aos seus veciños e veciñas. Circunstancia que obriga aos concellos galegos a realizar investimentos superiores aos

que se realizan en territorios onde a poboación se concentra en grandes núcleos de poboación. O feito de contar cun gran número de núcleos de poboación obriga a un maior número de investimentos, xa que logo, os recursos que se asignen a cada concello deberán asignarse tendo en conta tamén esta realidade.

O novo Fondo Local anunciado dedicárase a investimentos en proxectos de sustentabilidade ambiental e tecnolóxicos. Polo tanto, o grao de introdución das novas tecnoloxías deberá ser unha variábel a ter en conta na distribución dos fondos.

De igual modo, o avellentamento da poboación debe ser outro dos factores a ter en conta á hora de ponderar a variábel de poboación, en especial cando unha das finalidades do Fondo Local son os investimentos en centros sociais, sobre todo os relacionados coa dependencia, Galiza posúe unha alta porcentaxe de poboación avellentada que tamén aumenta os gastos en servizos públicos de asistencia ás persoas maiores. Por iso é polo que tamén se debe ponderar o seu peso na variábel de poboación.

Por todo isto, propoñémosile ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que, á hora de distribuir o novo Fondo Estatal de Investimento Local para o ano 2010, se introduzan como criterios de reparto nos concellos a dispersión e o avellentamento da poboación, así como a introdución actual das novas tecnoloxías.

2. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

IV.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DO BNG RELATIVA A MEDIDAS PARA MELLORAR O FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS

Sometido a votación prodúcese o seguinte resultado:

Votan en contra os tres membros do Grupo Municipal Socialista, a favor os cinco do grupo municipal Popular e o concelleiro do BNG.

O Sr. Alcade declara aprobado por seis votos a favor e tres en contra, o seguinte ACORDO

A crise económica está a supoñer unha forte redución de ingresos por parte das administracións públicas, Nos concellos, esta merma provoca un grave deterioro financeiro, o que sumado ao estrutural raquitismo do financiamento local, provoca tamén situacións próximas á bancarrota en moitos concellos. Polo tanto, compre adoptar medidas, tanto de carácter mais urxente e coxuntural como outras de carácter estrutural de cara a garantir unha estabilidade orzamentaria nos concellos que lles permita prestar de xeito eficaz os servizos que lle son encomendados.

Doutra banda, a Xunta de Galiza ten feito mención a unha redución do capítulo de impostos indirectos e de taxas e prezos, como consecuencia da actual situación de grave crise económica, Dende o BNG consideramos que tal redución non debe afectar aos ingresos que reciben os concellos mediante o Fondo de Cooperación Local, polo que é necesario garantir que este ano os concellos reciban as cantidades previstas a tal efecto.

No mesmo sentido, é prioritario que o Goberno do Estado elabore un Plan que, ante a forte redución de ingresos públicos provocados pola crise, se garanta o gasto corrente aos concellos, e no suposto de liquidacións negativas na Participación de Ingresos do Estado que se aplique unha moratoria.

Por último, con respecto ao modelo de financiamento local, os concellos galegos, que representan aproximadamente o 6,5 % da poboación do Estado español, reciben un 5,27% da participación nos ingresos do Estado. Mentres os concellos de Galiza reciben 176,54 euros por habitante, a media no conxunto do Estado recibe 221,07 euros. Así, queda patente que o financiamento dos concellos desde o Estado é insuficiente e inxusto: só ten en conta a poboación (75%) e o esforzo fiscal (25%) e non ten en conta que os custos dos servizos en Galiza son máis altos que no resto do Estado pola dispersión poboacional e o avellentamento da poboación. Neste sentido cómpre recordar que Galiza conta coa metade dos núcleos de poboación do Estado: 36.000; e que a dispersión encarece os custos da prestación dos servizos.

Polo tanto, con carácter estrutural, é necesario reformar o financiamento local e

incrementar a contía da participación nos ingresos do Estado, Así, demandamos a integración plena da transferencia da participación nos ingresos do Estado nos orzamentos da Xunta de Galiza, e esta transferencia deberá ter en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

Por todo isto, o BNG proponse ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Garantir para o 2009 as cantidades previstas para os concellos a través do Fondo de Cooperación Local e non recortar a dotación do Fondo de Cooperación Local para o ano 2010.

2. A que demande do Goberno do Estado que elabore un Plan que garanta o gasto corrente aos concellos e un sistema de moratorias no suposto de liquidacións negativas das cantidades recibidas da Participación de Ingresos do Estado durante 6 anos, tal e como se ten manifestado a FEGAMP, diante da moción presentada pola FEMP.

3. A que demande do Goberno do Estado a reforma urxente do financiamento local, de maneira que o novo modelo incremente a contía da participación nos ingresos do Estado, e dita participación dos concellos galegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Así mesmo, demandarase que o novo modelo teña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

4. Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

V.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

O Sr. Alcalde da sucinta conta deste asunto, e sen debate a corporación, por unanimidade, aproba o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que se transcribe a seguir:

Vista a Providencia da Alcaldía de data nove de xullo de dous mil nove e io informe de Secretaría da mesma data, sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a aprobación da regulamento municipal de funcionamento do servizo de axuda a domicilio.

Visto o proxecto elaborado polos Servizos Sociais Municipais, de Ordenanza municipal reguladora mencionada.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno por unanimidade adopta o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente a modificación do regulamento de funcionamento do servizo de axuda a domicilio, que se transcribe como ANEXO I deste acordo.*

SEGUNDO.- *Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.*

TERCEIRO.- *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.*

ANEXO I

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE BÓVEDA

Unha vez aprobada a Lei 39/2006 do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (así como a normativa estatal e galega que a desenvolve), e a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e a Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar na comunidade autónoma, compre realizar a adaptación da ordenanza municipal aos criterios establecidos na devandita lexislación.

A tal fin estimouse oportuno, por operatividade e eficacia administrativa, regular o funcionamento do Servizo mediante un Regulamento e fixa-lo prezo público mediante unha Ordenanza Fiscal.

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1º.- OBXETO

O presente regulamento terá como obxecto a regulación do Servizo de Axuda no Fogar e os requisitos e procedementos necesarios para acceder ó mesmo no Concello de Bóveda

ARTIGO 2º.- PRINCIPIOS XERAIS

O Servizo de Axuda no Fogar considérase unha prestación básica e comunitaria, de carácter complementario e transitorio, orientado a restablecer e manter o benestar físico, social e psicolóxico da persoa e familia que presenta problemas para a realización das actividades elementais da vida diaria, proporcionándolles atención directa no propio fogar, mediante intervencións específicas en aquelas tarefas cotiás que a persoa non poida realizar por si mesma e que favorezan a permanencia e integración no seu entorno habitual e compensen as súas restriccións de autonomía funcional.

ARTIGO 3º: ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O establecido na presente Orde é de aplicación ó Programa de Axuda no Fogar do Concello de Bóveda, polo que rexirá o servizo de axuda no fogar prestado ás persoas residentes no termo municipal.

ARTIGO 4º.-PERSOAS DESTINATARIAS.

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia residentes no concello de Bóveda para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá:

- Persoas que presentan disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha adecuada atención a domicilio.*
- Persoas maiores, con certo nivel de dependencia que non teñan ninguén que os atenda suficientemente e que, con esta axuda poidan continuar vivindo no seu fogar.*
- Persoas con minusvalidez ou incapacitadas ás que a axuda no fogar lles poida favorecer-la súa autonomía.*
- Persoas afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos que lles fagan precisar da axuda.*
- Menores ós que haxa que coidar ou atender por ausencia dos pais ou titores, ou cando estes, por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos suficientemente xustificadas, non poidan exercer as súas funcións.*
- Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social.*

En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar, avaliada técnicamente, que xustifique a intervención do servizo

2. Darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

ARTIGO 5º.- OBXETIVOS DO SERVIZO

O Servizo de Axuda no Fogar ten como obxectivo procurar a permanencia das persoas no seu entorno habitual, mellorando a calidade de vida dos usuarios na súa autonomía persoal, seguridade e relacións persoais e sociais, suplindo neste sentido a falla de familiares que poidan atender estas necesidades, ou complementando a labor da familia cando ésta non poida atende-las mesmas de forma axeitada.

O Servizo de Axuda no Fogar debe evitar ou retrasar o ingreso en centros

residenciais de aquelas persoas que non o desexen ou non o necesiten, proporcionándolles unha alternativa máis acorde e normalizada á súa situación. Do mesmo xeito debe previr situacións de deterioro persoal e/ou familiar, orixinadas pola convivencia durante un tempo prolongado con persoas dependentes e que supoñan unha sobrecarga persoal.

Para isto o Servicio procurará:

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias, prestando apoio na realización daquelas tarefas da vida diaria que non poidan realizar por si mesmas, estimulando o desenrolo das súas capacidades.

- Previr situacións de dependencia así como o risco de marxinação, illamento ou abandono das persoas con autonomía limitada, fundamentalmente das que viven soas e sen apoio, favorecendo e potenciando a autonomía persoal no propio domicilio

- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual, retardando ou evitando a institucionalización.

- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.

- Colaborar no seguemento dos cuidados sanitarios a domicilio, seguindo neste senso as indicacións formuladas polos centros de saúde.

- Potencia-la implantación de axudas técnicas, (teleasistencia...) e materiais...

- Complementa-las actuacións da familia.

- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

A consecución destes obxectivos queda condicionado á existencia de consignación orzamentaria derivada da aportación de fondos propios, axudas doutras administracións e asociacións, aportacións de particulares e aportación dos usuarios.

CAPITULO II PRESTACIÓNS E TAREFAS

ARTIGO 6º: CONTIDO DO SERVIZO.

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso correspondan, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse atencións de carácter básico e de carácter complementario.

En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de xeito que se facilite e promova a súa autonomía.

6.1.-Con carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

-Asistencia para levantarse e deitarse.

-Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.

-Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.

-Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.

-Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.

-Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

-Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos, e/ou realizar xestións varias, que non poidan realizar por si sós ou polos seus familiares ou persoas adicadas á súa atención. (entrega de documentos, contactos con familiares, veciños...)

-Compañía

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

-Limpeza básica e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

-Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

-Preparación dos alimentos.

-Lavado e coidado das prendas de vestir.

-Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo:

-Intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

6.2. Con carácter complementario.

O servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención, sempre que exista disponibilidade para levalas a cabo: :

a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguemento, teleasistencia e similares.

c) Adaptacións funcionais do fogar.

d) Servizo de podoloxía.

e) Servizo de fisioterapia.

Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescripción técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

ARTIGO 7º.- EXCLUSIÓN DE TAREFAS

Exclúense expresamente do Servizo de Axuda no Fogar, as seguintes tarefas:

A) A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo recollidos no artigo 12.6 desta orde.

B) A atención a outros membros da familia que non fora contemplada expresamente na concesión do servizo e na conseguinte valoración e proposta técnica.

C) -As tarefas de carácter sanitario que conleven unha formación específica do persoal que o realice: Toma de tensión, colocar e quitar sondas, poñer inxeccións, tratamentos de úlceras e escaras, suministro de medicamentos que impliquen coñecementos específicos, e outros similares.

ARTIGO 8º: INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co plan de coidados, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, todos os días da semana (incluíndo domingos e festivos).

3. Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescripción efectuada polos correspondentes servizos sociais de atención primaria.

ARTIGO 9º: FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.

O servizo de axuda no fogar prestarano o Concello de Bóveda directamente, ou ben externalizando o servizo a través dunha entidade privada debidamente autorizada.

9.1.-Persoal

O servizo de axuda no fogar está integrado nos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de Bóveda e estará coordinado por un profesional técnico cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais.

O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar co nivel formativo exixido pola lexislación vixente. Este persoal participará en cursos de formación específicos que melloren os coñecementos para acadar unha mellor prestación do servizo.

9.2.-Horarios de atención ó público na oficina base do programa.

O horario de atención ó público será de luns a venres de 9:30 horas a 13:30 horas, con preferencia na atención daqueles que teñan solicitado cita previa, e/ou as situacións urxentes

9.3.-Supervisión do servizo

A persoa que exerza como responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

9.4-Condicións na prestación do servizo:

1.- A auxiliar de axuda a domicilio estará obrigada única e exclusivamente ó cumprimento das tarefas estipuladas no correspondente acordo de prestación, quedándolle totalmente prohibida a realización doutras tarefas non recollidas no mesmo.

2.- Como regra xeral a auxiliar non poderá levar a cabo tarefas que non vaian dirixidas á persoa usuaria do servizo, nin incluso aquelas que se realicen a persoas que convivan coa mesma.

3.- A auxiliar non poderá dispor das chaves de ningún domicilio.

4.- A auxiliar ten totalmente prohibido recibir en custodia cartas, xoias ou calquer outro obxecto ou animal.

5.- Durante a prestación do servizo o Concello poderá acordar cambios de auxiliar, de horario e días de prestación ou cambios de tarefas motivados en todo caso nunha mellor organización e prestación do servizo. O rechazo da auxiliar asignada sen causa suficientemente xustificada será motivo de extinción do servizo.

6.- Calquer queixa ou suxerencia por parte do beneficiario do servizo será comunicada ó técnico do departamento de servizos sociais e en ningún caso se resolverá coa auxiliar.

7.- O servizo, como regra xeral, non se prestará cando o usuario non se atope no domicilio, non tendo obriga a auxiliar de permanecer á espera.

8.- O servizo será prestado en todo caso no domicilio da persoa usuaria, quedando totalmente excluída a prestación en calquer outro domicilio, incluso de familiares, así como en hospitais.

9.- As persoas usuarias quedan obrigadas á comunicación de calquer variación de datos no que respecta a domicilio, teléfono, situación económica e familiar.

10.- A persoa usuaria e a auxiliar quedan obrigadas ó debido respecto mutuo e confidencialidade, absténdose de realizar por ambas partes ningún tipo de comentario referentes ó traballo noutros domicilios.

11.- Serán de conta da persoa beneficiaria do servizo os gastos relativos ó material de limpeza, aseo persoal, comida e calquera outros necesarios para a súa atención. Estes utensilios ou materiais deberán ser postos á disposición do auxiliar para posibilitarlle o seu traballo.

12.-No caso de contemplarse no proxecto de intervención e no acordo de servizo recollidos no artigo 12.6 desta orde o acompañamento fóra do fogar os gastos de transporte inherentes á prestación deste servizo correrán a cargo para persoa usuaria.

O Concello contará e expoñerá publicamente o regulamento de funcionamento do programa.

CAPÍTULO III

PROCEDIMENTO

ARTIGO 10º.- REQUISITOS XERAIS PARA ACCEDER Ó SERVIZO

- Estar empadroado no Concello.*
- Solicita-la prestación de axuda no fogar, según as dúas modalidades que se explican no artigo 11 desta Ordenanza.*
- Ter recoñecida a situación de dependencia e/ou reuni-las condicións persoais, familiares e sociais, establecidas no baremo existente.*
- Non presentar un estado de deterioro físico ou psíquico tal que necesite máis dun internamento asistido e continuado que dunha axuda no fogar.*
- Residir nunha vivenda que reúna as condicións de habitabilidade mínimas, e que posibiliten a prestación do servi cunhas garantías básicas.*
- Asina-lo contrato de integración que oportunamente poida ser prescrito polo/a Traballador/a Social, e en todo caso aquel no que se comprometa a cumpri-las obrigas inherentes ó servizo, incluído o pagamento das cantidades que poideran corresponderlles*

ARTIGO 11º: MODALIDADES DE ACCESO Ó SERVIZO

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais comunitarios do Concello de Bóveda, de acordo coas seguintes modalidades:

11.1.-Acceso directo

O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de prestación dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

11.2.-Libre concurrencia

Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación do sistema, o acceso ao servizo, previa prescrición técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria, resolverase en réxime de libre concurrencia de acordo cos criterios establecidos nesta Ordenanza Municipal, segundo o baremo contido no anexo I , no cal, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoran factores de carácter persoal e socio-familiar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

3. De igual maneira á expresada no apartado anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivencias e socio-educativos.

ARTIGO 12.- TRAMITACION DAS SOLICITUDES

As persoas solicitantes poderán dirixirse ós Servizos Sociais do Concello, onde se lles facilitará o modelo de solicitude normalizada, que xunto coa documentación esixida presentarase no rexistro xeral do mesmo, asinada polo/a solicitante do servizo e no seu defecto polo seu representante legal/titor ou coidador habitual, ou gardador de feito.

No acceso directo ó servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ó programa individualizado de atención terá a consideración de proposta de asignación e incorporación ó servizo, que consonte ó artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora do réxime local, corresponderlle ó alcalde-presidente ou delegado do servizo, e despois da aportación da documentación necesaria para ó cálculo da aportación económica e asignación de tarefas específicas

12.1. Documentación

A documentación a adxuntar é a seguinte:

-Solicitude

- Fotocopia do D.N.I., ou documento oficial acreditativo da identidade da persoa solicitante e, se é o caso do seu representante legal/titor ou gardador de feito, así como do seu cónxuxe ou parella de feito e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

- Informe médico sobre o seu estado de saúde ou deficiencia.

- Certificado no seu caso de minusvalía daquelas persoas que a padezan, ben se trate do propio solicitante ou de persoas que convivan con él.

- Certificado de convivencia

- Acreditación de cantos ingresos posúan a persoa solicitante e no seu caso o seu cónxuxe ou parella de feito e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores (pensións, salarios, subsidios...)

- Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto certificado de facenda de non estar obrigado a declarar das persoas anteriormente citadas

Respecto das solicitudes con documentación incompleta formuladas por persoas

que cumpran tódolos requisitos, os interesados serán requeridos para que no prazo de 10 días subsanen tales deficiencias, con apercibimento de que se non o fixeran, o expediente será archivado sen máis trámite. Só en casos extraordinarios que requiran unha intervención urxente, especificamente valorados como tales no Informe-proposta realizado polo Traballador Social, poderá tramitarse e resolverse unha solicitude na que falte algún dos documentos a emitir polas Administracións Públicas, co compromiso expreso de aporta-lo no prazo máis breve posible.

12.2.-Informe técnico:

En tódolos casos se efectuará unha visita domiciliaria para valoración técnica da situación na que se vai intervir; unha vez efectuada o/a Traballador/a social confeccionará un informe técnico, no que se consideran tódalas circunstancias de necesidade ás que se refire o presente regulamento, así como a aplicación dos baremos contidos no mesmo.

O informe técnico deberá conter ó menos:

- Valoración da situación persoal, socio-económica e familiar, dacordo cos baremos a tales efectos establecidos, nos casos de acceso directo se consignará a grado e nivel de dependencia polo que se obtén así como data e contido da resolución de PIA*
- No caso de ser favorable á demanda, deberá incluír as condicións nas que se prestará ó servizo.*
- Tarifa a aplicar.*

12.3.-Resolución

O Alcalde ou Delegado da Alcaldía para Asuntos Sociais, á vista da solicitudes, e no seu caso a resolución de PIA e a valoración técnica emitida, resolverá cada unha delas. No caso de resolución positiva, a mesma terá a consideración de orden de alta no servizo.

A resolución do Alcalde ou Delegado para Asuntos Sociais incluírá no caso de ser favorable, indicación expresa do número de horas a prestar, relación de tarefas que se levarán a cabo e tarifa que deberá aboar o solicitante, e período que abrangue a prestación do servizo.

Se se trata dunha resolución desfavorable, deberá ser motivada.

A resolución será comunicada ó usuario, según o establecido na Lei de Procedemento Administrativo

12.4.-Lista de espera

As solicitudes de prestación do servizo que no momento da resolución favorable non contén con praza para o mesmo quedarán en lista de espera, ocupando a orde que lles corresponda según a puntuación acadada. Terán preferencia no caso de igualdade de puntuación as de maior antigüedad.

No caso de ser chamados por existir posibilidade de prestar o servizo polo que estaban esperando, se o interesado/a declina a proposta de alta, será dado de baixa e terá que solicitar de novo cando a súa situación o requira.

No caso de superarse os seis meses na lista de espera requirirase unha nova avaliación da situación que motiva a necesidade do servizo, de non presentarse para a nova valoración serán dados de baixa.

12.5.-Renovación do servizo

A documentación necesaria para o inicio da prestación do servizo será renovada, en todo caso, dentro do primeiro semestre de cada ano, a efectos de actualización de datos e revisión das causas que motivaron a concesión inicial

Sempre que se produza unha variación nas circunstancias que deron lugar á concesión a traballador/a social levará a cabo unha revisión da prestación, podendo variar as tarefas que se realizan en base á concesión inicial, ou incluso aumentar ou reducir as horas efectivas de prestación, sendo necesario en todo caso a sinatura dun novo acordo co usuario.

12.6- Acordo do servizo entre a persoa usuaria e a entidade.

Unha vez concedido e notificado se procederá á firma do acordo das condicións do mesmo entre a persoa usuaria e a entidade segundo modelo establecido no Anexo III

12.7.-Expediente social básico

No momento do inicio da intervención se abrirá expediente social básico se non estivera aberto con anterioridade no que quedará constancia do servizo prestado á persoa usuaria que constará no que se refire ó Servizo de Axuda a domicilio, cando menos, de:

- a) Informe social
- b) Proxecto de intervención
- c) Acordo de servizo

O tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

ARTIGO 13º: TRAMITACIÓN CON CARACTER DE URXENCIA

No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do Alcalde ou do membro da Corporación Local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de xeito inmediato, por proposta dos servizos sociais de atención primaria e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

ARTIGO 14º: RECLAMACIÓNS

Nos supostos de presentación de reclamacións abrirase expediente por parte da persoa titular da Alcaldía, que requerirá mediante providencia informe do persoal técnico director do servizo e do persoal de axuda no fogar correspondente en cada caso, para posteriormente dictar, no seu caso, o pertinente acordo.

As reclamacións serán recollidas no libro de reclamacións que se atopa á disposición dos usuarios, séndolle facilitada copia da mesma ó usuario e debendo remitir orixinal ó servizo de inspección nas áreas de servizos comunitarios e inclusión social.

ARTIGO 15º .- BAIXA TEMPORAL E EXTINCIÓN DO SERVICIO

15.1.-Baixa temporal.

Constituirá baixa temporal na prestación do Servizo de Axuda no Fogar, sen perda da condición de beneficiario/a, polo prazo de tempo que dure a causa que a motiva:

-A ausencia daquél do seu domicilio ou lugar onde deba ser prestado o servizo, por tempo máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia. -O ingreso temporal en Centro Hospitalario.

-A falla de pagamento por causa imputable á persoa beneficiaria, cando este retraso sexa superior a 60 e inferior a 90 días naturais.

-Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo.

A baixa temporal determinará a suspensión na prestación do servizo, e pasar a lista de espera, con prioridade sobre os solicitantes pendentes de alta, reanudándose o servizo cando exista de novo disponibilidad para prestalo

15.2.-Extinción definitiva.

Constituirá causa da extinción definitiva do Servizo de Axuda no Fogar, e conlevará a perda da condición de beneficiario/a, sen prexuízo de nova e ulterior solicitude:

-A ausencia do domicilio ou lugar onde aquél se deba prestar por tempo igual ou superior a 3 meses

-Ingreso definitivo en centro residencial

-Traslado definitivo da residencia do beneficiario/a a outro Municipio.

-A falla de pagamento por causa imputable á persoa beneficiaria por prazo igual ou superior a 90 días naturais.

-Falecemento da persoa beneficiaria.

-Renuncia.

-Posibilidade de ser asumida a prestación do servizo pola propia persoa beneficiaria ou algún familiar.

-Resultar o servizo innecesario por non cumprimento dos obxectivos, ou inadecuado.

- Falsedade ou ocultación dos datos requeridos para a concesión do servizo.
- Incumprimento dos requisitos establecidos para a prestación do servizo, obstaculización ou impedimento polo/a beneficiario/a ou familiar.
- Rechazo inxustificado da auxiliar designada.
- Calquera outra causa motivada que xustifique a adopción de tal medida.
- Rechazo inxustificado da persoa auxiliar asignada

No caso de producirse a extinción do servizo con carácter definitivo, será este feito notificado á persoa beneficiaria na forma prescrita polas normas.

Tanto para a baixa temporal e extinción definitiva, as prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, se estará ó disposto na correspondente normativa reguladora, en caso de non estar regulado se aplicará o disposto neste regulamento

A persoa beneficiaria do Servizo de Axuda no Fogar, poñerá en coñecemento da Entidade Local prestadora, cantas modificacións se produzan nas circunstancias tidas en conta no seu momento para a concesión do servizo, así coma a concurrencia de calquera das circunstancias que puideran ser determinantes da baixa temporal ou extinción, so pena de aplicarse esta última en caso de falsedade ou ocultación.

CAPITULO IV DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS

ARTIGO 16º.- DEREITOS DOS USUARIOS

As persoas usuarias do servizo, ademais dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen no artigo 6º da lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevindas durante a prestación efectiva do servizo.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

ARTIGO 17º.- DEBERES DOS USUARIOS

As persoas usuarias, ademais dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 7º da lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas ao persoal ao cargo e poñendo á súa disposición, se fose o caso, os medios materiais necesarios
2. Colaborar no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
4. Informar dos cambios de calquera circunstancia persoal, familiar ou económica que puidese dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo
5. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
6. A comunicar con dez días de antelación calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

CAPITULO V

PREZO POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS

ARTIGO 18º .- PREZOS

1.- O Prezo do Servizo estará regulado por " ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO "

ARTIGO 19º .- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVICIO

A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda persoal e, se é o caso, ao seu patrimonio.

No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, dacordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 ós 65 anos e dun 1% ós menores de 35 anos

Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida

ARTIGO 20º: PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS USUARIAS

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Para o resto dos supostos, establece-se unha regulación progresiva do copagamento do servizo con arreglo á seguinte escala:

CAPACIDADE ECONÓMICA DA PERSOA USUARIA

CAPACIDADE ECONÓMICA DA PERSOA USUARIA	IPREM	APORTACIÓN
Igual ou inferior	IPREM	exento
Superior ó 100% e inferior 150%	IPREM	10% do custo do servizo
Superior 150% e inferior 200%	IPREM	15% do " "
Superior 200% e inferior 300%	IPREM	20% do " "
Superior 300% e inferior 400%	IPREM	30% do " "
Superior 400% e inferior 500%	IPREM	60% do " "
Superior 500%	IPREM	65% do " "

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais no casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar, a exclusión social e a pobreza infantil.

A capacidade económica das persoas usuarias do servizo determinarase de acordo co establecido no artigo 17 da Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

Os datos relativos á capacidade económica serán revisados anualmente e ocusto do servizo revisarase anualmente según o incremento do IPC, tal e como se recolle na correspondente Ordenanza Fiscal.

DISPOSICIÓN

Disposición Final

En todo o non recollido na presente Ordenanza estarase ó disposto na normativa vixente aplicable, e en particular ó disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, ou normas posteriores de aplicación.

Disposición Derogatoria.-

Queda derogada toda a normativa reguladora do servizo de axuda no fogar anterior á presente Ordenanza.

ANEXO I:
BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN
RÉXIME DE LIBRE CONCURRENCIA

Usuario _____ N° Expte:
_____ Data _____

TOTAL PUNTUACIÓN:

FACTOR 1.-AUTONOMÍA PERSOAL

1.1.-ACTIVIDADES BÁSICAS DA VIDA DIARIA (Máx: 40 ptos)

(Adaptación do INDICE DE BARTHEL):

Ítem	Actividade básica da vida diaria	PUNTOS
Xantar	- Totalmente independente.....	0
	- Necesita axuda para cortar a carne, o pan, etc.	2
	- Dependente.....	4
Lavarse	- Independente. Entra e sae so/soa do baño.....	0
	- Dependente.....	2
Vestirse	- Independente. Capaz de poñerse e quitarse a roupa, abotonarse, atarse os zapatos.....	0
	- Necesita axuda.....	2
	- Dependente.....	4
Arreglarse	- Independente para lavarse a cara, as mans, peinarse, afeitarse, maquillarse, etc.....	0
	- Dependente.....	2
Deposicións	Continente.....	0
	-Ocasionalmente, algún episodio de incontinencia ou necesita axuda para suministrarse supositorios o lavativas.....	2
	- Incontinente.....	4
Micción	- Continente ou es capaz de cuidarse a sonda.....	0
	- Ocasionalmente, máximo un episodio de incontinencia en 24 horas, necesita axuda para cuidar a sonda.....	2
	- Incontinente.....	4
Usar o retrete	- Independente para ir ó WC, quitarse e poñerse a roupa.....	0
	- Necesita axuda para ir ó WC, pero se limpa so/soa.....	2
	- Dependente.....	4
Trasladarse	- Independente para ir do sillón á cama.....	0
	- Mínima axuda física ou supervisión.....	2
	- Gran axuda pero é capaz de manterse sentado sen axuda.....	4
	- Dependente.....	6

Deambular	- Independente, camina só 50 metros..... - Necesita axuda física ou supervisión para camiñar 50 metros..... - Independente en cadeira de rodas sen axuda..... - Dependente.....	0 2 4 6
Escalóns	- Independente para subir e baixar escaleiras..... - Necesita axuda física ou supervisión..... Dependente.....	0 2 4
PUNTUACIÓN TOTAL		

Menos de 8 puntos: .independente. 8-14 puntos: dependente leve.16-22 puntos: dependente moderado.

Igual o más de 24: dependiente grave 40: dependente total

1.2.-ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS DA VIDA DIARIA (Máx: 8 ptos)
(Adaptación da ESCALA DE LAWTON Y BRODY)

Ítem	Actividade instrumental da diaria	PUNTO S
Capacidade para usar o teléfono	- Non precisa axuda para utilizar o teléfono, busca e marca números	0
	-Non precisa axuda para contestar o teléfono, pero non pode marcar	0,5
	-Non utiliza o teléfono	1
Facer compras	-Non precisa axuda para facer compras	0
	-Precisa acompañamento para facer calquera compra	0,5
	-Non fai ningunha compra	1
Preparación da comida	-Non precisa axuda para organizar, preparar, e servir as comidas por si mesmo/a adecuadamente	0
	-Precisa axuda para que lle proporcionen os ingredientes, aínda que prepara a comida adecuadamente.	0,5
	-Precisa que lle preparen e lle sirvan a comida.	1
Coidado da casa	-Non precisa axuda para realizar as tarefas domésticas	0
	-Precisa axuda para realizar tarefas domésticas lixeiras como lavar pratos ou facer a cama	0,5
	-Precisa axuda para a realización de calquera das tarefas domésticas	1
Coidado da roupa	-Non precisa axuda para o coidado da roupa	0
	-Non precisa axuda para lavar pequenas prendas, pero si para tender, dobrar, pranchar...	0,5
	-Non se pode ocupar do coidado da roupa	1
Uso de medios de transporte	-Non precisa axuda para viaxar so/as	0
	-Precisa axuda para viaxar	0,5
	-Non pode viaxar	1

Responsabilidade respecto á súa medicación	-Non precisa axuda para tomar a mediación no horario e dose correctas	0
	-Non precisa axuda para tomar a medicación, aínda que precisa que lle preparen as doses correctas	0,5
	-Precisa axuda para tomar e para preparar as doses adecuadas	1
Manexo dos asuntos económicos	-Non precisa axuda para manexar asuntos económicos, ingresos, gastos, facer xestións, etc	0
	-Precisa axuda para facer xestións como ir ó banco, manexar cartos, etc.	0,5
	-Non manexa cartos	1
PUNTUACIÓN TOTAL		

0 puntos: independente. 1-3 puntos: dependente leve. 4 puntos: dependente moderado.

De 5 a 7: dependente grave 8: dependente total.

NOTA: Nas AIVD unha persoa pode non realizar unha actividade das indicadas porque o fai ou facía outra persoa, aínda que non a realice simplemente por esa causa, márcase como non realizada.

FACTOR 2.-APOIO FAMILIAR E SOCIAL PARA A PERMANENCIA NO FOGAR: (Máx: 30 pts):

2.1.-SITUACIÓN FAMILIAR E DA UNIDADE CONVIVENCIAL (Máx. 30 pts).	PUNTOS
-Convive con outras persoas sen dificultades	0
-Convive con persoas con enfermidade e/ou discapacidade e/ou dependencia	5
-Vive so/soa	10
PUNTUACIÓN TOTAL	

2.2.-APOIOS PARA A PERMANENCIA NO FOGAR (Max: 20 pts)	PUNTOS
-Está ben atendido e/ou ten capacidade de autocoidado	0
-Apoio insuficiente: (Ó que se lle pode sumar un punto máis por cada un dos conceptos seguintes ata un máximo de 10 puntos). -Sobrecarga do cuidador principal -Os familiares e/ou veciños non teñen dispoñibilidade horaria para o seu coidado e/ou non viven próximos. -Os familiares non dispoñen de capacidade persoal necesaria para o seu coidado -Existencia de varios membros con enfermidade ou discapacidade dentro da unidade de convivencia -Conflictos familiares/sobrecarga grave	5 1 1 1 1 1
-Non ten apoio de ningún tipo	10
PUNTUACIÓN TOTAL	

FACTOR 3.-OUTROS ASPECTOS SOCIAIS: (Máx: 22 pts):

3.1.-VIVENDA (Máx. 10 pts)		
Condicións de habitabilidade	Vivenda que cumpre as condicións mínimas de habitabilidade	0
	Vivenda que cumpre as condicións mínimas de habitabilidade, pero que presenta carencias	3
	Vivenda que non cumpre as condicións mínimas de habitabilidade	6

Barreiras arquitectónicas	Sen barreiras de accesibilidade no interior e/ou exterior	0
	Con barreiras de accesibilidade no interior e/ou exterior	1
PUNTUACIÓN TOTAL		

3.2.-Accesibilidade a servizos e equipamentos básicos) (Máximo 6 ptos)		
Cercanía e doado acceso ós servizos		0
Distancia media e accesos con deficiencias		3
Moita distancia e condicións deficientes de acceso		6
PUNTUACIÓN TOTAL		

3.3.-Factor económico. Capacidade económica da persoa usuaria (Máx: 6 ptos)	TOTAL
Superior 500% o IPREM	0
Superior 400% e inferior 500% o IPREM	1
Superior 300% e inferior 400% o IPREM	2
Superior 200% e inferior 300% o IPREM	3
Superior 150% e inferior 200% o IPREM	4
Superior ó 100% e inferior 150% o IPREM	5
Igual ou inferior o IPREM	6
PUNTUACIÓN TOTAL	

ANEXO II

Servizo de axuda no fogar: Acordo de servizo

Reunidos en o día
 dunha parte don/dona.....con DNI:.....

E doutra, Alcalde-Presidente do Concello de Bóveda.

DECLARAN

Coñecer e aceptar os dereitos e deberes emanados do Regulamento de Axuda no Fogar, e no seu contexto

ACORDAN:

1. Que o Concello de Bóveda prestará o servizo de axuda no fogar (SAF), á persoa arriba citada, desde o día _____ do _____ de 200__.

2. Que a prestación do servizo de axuda no fogar se realizará durante o presente ano, con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do Departamento de Servizos Sociais do Concello.

3. Que o SAF se levará a cabo _____ días á semana, por un total de ____ horas mensuais.

4. Que atendendo á Orde do -- de -- de , que regula o servizo de axuda no fogar, á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a achegar mensualmente o _____% do custo da prestación do servizo.

5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto 4º, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades e tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes: (Marcar a que proceda)

- Atencións de carácter persoal na realización das ABVD
- ____ Asistencia para levantarse e deitarse.
- ____ Apoio no coidado e hixine persoal.
- ____ Control no réxime alimentario.

- Supervisión medicación prescrita.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.

Atencións de carácter persoal na realización doutras ABVD
 Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos, e/ou realizar xestións varias, que non poidan realizar por si sós ou polos seus familiares ou persoas adicadas á súa atención.

Compañía

- Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda*
- Limpeza básica e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.*
 - Compra de alimentos e outros produtos de uso común.*
 - Preparación dos alimentos.*
 - Lavado e coidado das prendas de vestir.*
 - Coidados básicos da vivenda.*

Atencións de carácter de apoio psicosocial e educativo
 Intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemente das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

Atencións de carácter complementario:

7. *Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:*

8. *Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa representante do Concello, sendo anexadas ao acordo orixinal.*

9. *Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.*

Ambas as partes dan a súa conformidade a este acordo de prestación do SAF e o asinan.

..... dede 200.....

A persoa usuaria

O Alcalde-Presidente

VI.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

O Sr. Alcalde da sucinta conta deste asunto, e sen debate a corporación, por unanimidade aproba o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que se transcribe a seguir:

En cumprimento do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e na Lei 25/1998, de 13 de xullo, de Taxas e Prezos Públicos, e atendendo á Providencia de Alcaldía de data dezaseis de outubro de 2009, ao informe de Secretaría do sete de agosto de 2009, a Memoria económico-financeira, as Ordenanzas reguladoras dos prezos públicos e demais documentos obrantes no expediente.

Esta Comisión, visto o informe-proposta de Secretaría de data dezaseis de outubro de 2009, considera que se cumpren os requisitos necesarios contidos nas Normas legais citadas anteriormente, e propón ao Pleno da Corporación, órgano competente para o establecemento dos prezos públicos, de conformidade co artigo 46 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o establecemento de prezos públicos e as Ordenanzas reguladoras dos mesmos, segundo constan no expediente.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar definitivamente adoptado o Acordo, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.

Artigo 1.-Concepto.

Ao abeiro do previsto nos artigos 57 e 20.4.ñ do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 do citado texto legal, este concello establece o prezo público pola prestación do servizo de Axuda a Domicilio.

Artigo 2.-Obrigados ó pago.

Están obrigados ó pagamento do prezo os beneficiarios dos servizos ou actividades do programa de Axuda a Domicilio.

Son suxeitos pasivos do prezo público, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire os artigos 35 e 36 da Lei Xeral Tributaria, a favor das cales se preste o servizo regulado nesta ordenanza.

Artigo 3.-determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda persoal e, se é o caso, ao seu patrimonio.

No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, dacordo cos números anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 ós 65 anos e dun 1% ós menores de 35 anos

Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida

Artigo 4º.- Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias

1. A cuota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:
Prezo por hora de servizo: Doce euros (12 €)

O prezo por hora será incrementado anualmente segundo a porcentaxe de incremento do IPREM e, así mesmo, poderá ser modificado polas modificacións que sufran o custo real do servizo

2. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendado de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

Para o resto dos supostos, establececese unha regulación progresiva do co-pagamento do servizo con consonte á seguinte escala:

CAPACIDADE ECONÓMICA DA PERSOA USUARIA		APORTACIÓN
igual ou inferior	IPREM	exento
Superior ó 100% e inferior 150%	IPREM	10% do custo do servizo
Superior 150% e inferior 200%	IPREM	15% do " "
Superior 200% e inferior 300%	IPREM	20% do " "
Superior 300% e inferior 400%	IPREM	30% do " "
Superior 400% e inferior 500%	IPREM	60% do " "
Superior 500%	IPREM	65% do " "

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais no casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar, a exclusión social e a pobreza infantil.

Artigo 5º.- .-Obriga de pagamento.

A obriga do pago do prezo público regulado nesta Ordenanza, nace dende que se inicia a prestación do servizo a domicilio.

Mensualmente practícaranse liquidacións que deberán aboar os beneficiarios que lle serán notificadas para o seu ingreso, mediante domiciliación bancaria, na tesourería municipal no prazo de quince días contados a partir do seguinte ó de recepción da notificación.

Artigo 6º. Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto na Lei Xeral Tributaria e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición final.- Vixencia e data de aprobación.

Esta ordenanza fiscal aprobada polo Pleno na sesión do día vinte e seis de outubro empezará a rexer aos vinte días naturais da súa completa publicación no Boletín Oficial de Lugo e continuará vigente mentres non se acorda a modificación ou derogación. En caso de modificación parcial, os artigos non modificados quedarán vigentes.

VII.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO

VII.1.- DECRETOS E INFORME DA ALCALDÍA

VII.2.- ROGOS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS

VII.3.- PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADAS

VII.4.- MOCIÓNS REGULAMENTARIAMENTE PRESENTADAS, SE PROCEDESE

Non se presentaron.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente da por finalizada a sesión, cando son as doce horas e cincuenta e cinco minutos do día sinalado, do que eu, D. Luis E. Matías Sánchez, secretario, coa salvedade a que se refire o art. 206 do R.O.F., e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta desta sesión, certifico.



ILMO. CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)

EXPDTE.: 356/2009

SESIÓN N: 09

ARQUIVO: 1.2

DILIXENCIA.- Para facer constar que no día de hoxe 02 de novembro de 2009, o borrador da acta da sesión nº.: 09/200* do Pleno da Corporación celebrada o 26/10/2009, foi exposta no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

E para que conste no expediente, expido a presente en Bóveda a dous de novembro de dous mil nove:

A FUNCIONARIA

ASDO.. CARMEN GONZÁLEZ FERNÁNDEZ



ILMO. CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)

EXPDTE.: 356/2009

SESIÓN N: 09

ARQUIVO: 1.2

ILMO. SR.:

En cumprimento do preceptuado no artigo 56 da Lei 7/1985, do 2 de abril e artigo 196.3 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, remítolle copia do borrador da acta, contendo os acordos adoptados, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación ó día 26/10/2009

Bóveda a 02 de novembro de 2.009
O Secretario

Asdo.: Luis Eduardo Matías Sánchez

Ilma. Sra. Delegada provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Ronda da Muralla, 70 .- Edificio Administrativo
27003 LUGO

ILMO. CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)
REXISTRO XERAL

04 Novembro 2009

Nº de Saída: _____



ILMO. CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)

EXPDTE.: 356/2009

SESIÓN N: 09

ARQUIVO: 1.2

ILMO. CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)
REXISTRO XERAL

04 Novembro 2009

Nº de Saída: _____

ILMO. SR.:

En cumprimento do preceptuado no artigo 56 da Lei 7/1985, do 2 de abril e artigo 196.3 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, remítole copia do borrador da acta, contendo os acordos adoptados, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación ó día 26/10/2009

Bóveda a 02 de novembro de 2.009
O Secretario

Asdo.: Luis Eduardo Matías Sánchez

ILMO. SR. SUBDELEGADO DO GOBERNO NA PROVINCIA DE LUGO
Rúa Armañá, 10
27001 LUGO